

Reseñas Cruzadas sobre: *Galicia. Una nación entre dos mundos*, de Ramón Villares (2020). Barcelona, Ediciones Pasado y Presente, 2019, 287 págs., ISBN 978-84-949706-7-2

DAVID MIGUEL RODRÍGUEZ MARTÍNEZ

Universidade de Santiago de Compostela

[miguel.rodriguez@mazarelos.gal](mailto:miguel.rodriguez@mazarelos.gal)

<https://orcid.org/0000-0001-5270-3961>

Nun momento no que os estados-nación están a sofrer unha erosión en canto á soberanía do seu poder, Ramón Villares elabora unha obra que presenta Galicia como unha identidade nacional. O autor simplifica corenta anos de vida académica nunha nova obra titulada *Galicia: una nación entre dos mundos*, centrada no elemento cultural como piar fundamental da nación cultural galega.

Nun relato didáctico cun ritmo narrativo de enorme personalidade, Villares sintetiza a complexa realidade dende unha ollada plural, sen ser excluínte e mantendo unha conversa historiográfica agochada en cada argumento. Distanto da creación dunha «Historia de Galicia», xesta unha reflexión de alcance xeral a partir dunha experiencia particular que, lonxe de ser protagonizada por unha elite política, estivo formada polas clases populares. Un discurso que presenta a realidade galega integrada nunha concepción ibérica, non española, o que permite contemplar particularidades e procesos dende unha perspectiva moito máis clarificadora.

Se ben elabora un relato cunha cronoloxía ao estilo do *longue durée* braudeliano, aparecen unha serie de tópicos e temáticas clave que formalizan un fío condutor ao longo dos diversos capítulos e contextos presentados.

O primeiro aparecido é a conformación dunha identidade colectiva singular que denomina nación-cultural. Villares confecciona unha análise substancial dos nacionalismos a partir dun caso particular, o que implica unha primeira aclaración: as nacións son construídas. Rachando esa idea das nacións políticas puras, sinala a necesidade dun substrato cultural coñecido. No caso de Galicia, a lingua, as tradicións compartidas, e a súa creación por parte da xente corrente, non por casualidade fomentadas dende a emigración, son algúns dos símbolos máis senlleiros.

Grazas a isto, racha cos estereotipos sobre o atraso da nación galega e, lonxe dunha visión angustiada, presenta os contidos de xeito proactivo, reforzado cunha morea de comparativas que outorgan o valor que ten a singularidade do caso galego e un profundo coñecemento de ambos contextos confrontados. E así, pese á controversia que poida arrastrar a idea de nación cultural, presenta unha argumentación coherente dende unha identificación dos antepasados até a propia forma de repensar a actualidade.

Se xa apuntabamos a complexa estrutura social galega, o autor presenta ás clases populares como ese segundo elemento central da lectura. De como a permanencia de elementos reforzan unha dualidade constante, esa nación entre dous mundos. Aparecen os castros confrontados cos castelos, o medievalismo co celtismo e finalmente a nación transoceánica de orixe popular fronte a ausencia dunha vertebración da elite política. E dentro dos dous mundos, a americanización de Galicia debido á construción da mesma dende a emigración; e a europeización e occidentalización galega, reforzada por unha serie de símbolos e mitos nacionais como o Camiño de Santiago, as pelegrinacións ou esa idea tradicional de celtismo.

Vencellado a esas pelegrinacións florece outra realidade ao longo de toda a traxectoria da nación cultural galega: a igrexa. Ao abeiro das clases populares, o poder eclesiástico en Galicia foi capaz de unir figuras como as de Xelmírez e Prisciliano, co fin de comprender a súa integración no contexto occidental. Desá visión máis macro, aterra na convivencia da relixión en Galicia, cunha presenza que permanece na propia ordenación do territorio en parroquias ou na representatividade do Santiago Apóstolo como imaxe de Galicia. Deste xeito, logrouse camuflar no propio imaxinario popular, establecendo dende a Idade Media a integración da Galicia coa Europa Carolinxia e rexeitando o achegamento ao veciño portugués.

Portugal é outra das grandes protagonistas que aparecen ao longo de toda a obra. Non como a culminación da idea de Galicia, senón como un diálogo que inspirou ao país dende tempos antigos. Secasí, houbo episodios entrelazados que nos axudan a comprender o último dos elementos centrais dende unha perspectiva ibérica e non intrínseca do estado español: a migración galega.

Pechando o último bloque, Villares sinala que, a diferenza dunha gran cidade como Barcelona en Catalunya, Galicia tivo unha quinta provincia: América. A constatación do que chama unha nación forte e un país débil queda constatada na diáspora, onde se elaborou unha tupida rede asociativa e foi o lugar de formación dos grandes símbolos culturais como o himno e a bandeira. Isto reforza a idea dunha nación trasnacional, onde «os portos se converteron en portas», xa que o éxodo migratorio, lonxe de romper a identidade cultural galega, permitiu expandila en ambos mundos e ser identificado dende fóra.

En conclusión, esta obra acada unha gran relevancia e invita a facer un exercicio de reflexión constante sobre Galicia. Unha lectura que ademais de aportar respostas permite ao seu lector formular novas preguntas e contemplar dende diversas olladas unha realidade común. Ou acaso moitos dos lectores re-pensáramos Galicia dende a figura de Miguel Torga algunha vez? Tal e como sinala o propio autor facendo referencia ao mesmo, «o universal é o local sen paredes», e Ramón Villares encárgase de combater os clichés sobre a Galicia Contemporánea, rachando o estigma do *finis terrae*. El mesmo sintetiza en boa parte a deriva desta obra:

De acuerdo con el viejo *dictum* de saber de dónde venimos para saber qué somos (y, si es posible, que seremos), sigue siendo necesaria esta práctica intelectual para unos

tiempos de baja espesura temporal del discurso histórico o, dicho de modo más preciso, de tentativa abolicionista de la diferencia entre pasado y presente que, evidentemente, adelgaza o hace más opaco el futuro” (p. 17).

Villares aporta o traballo intelectual e a sintentización dun proceso complexo nunha lectura sinxela, e de nós, os lectores, dependerá que quede nunha mera ollada cara o pasado ou nunha reflexión cara o futuro.